



Asunto: Notificación resolución

Contrato: SERVICIO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA FECAP23 SEMANA VERDE DE SILLEDA

Adxudicatario: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849

Con data 16 de maio de 2023 a directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no apartado segundo da Orde do 25 de outubro de 2019, sobre delegación de competencias na secretaria xeral e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (DOG núm. 210, do 5 de novembro de 2019), ditou a seguinte resolución:

REF. CONTABLE: 2023-08-221
Nº EXPTE.: CMA-2023-0047

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO "SERVICIO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA FECAP23 SEMANA VERDE DE SILLEDA".

O 22 de abril de 2023 a directora xeral de Patrimonio Natural eleva a proposta para adxudicar o contrato menor de servizo de "SERVICIO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA FECAP23 SEMANA VERDE DE SILLEDA" a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849 , por presentar unha oferta válida. A prestación terá as seguintes condicións:

Entidade adxudicataria: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849





Importe de adjudicación:

- Orzamento base: cinco mil cincocentos euros (5.500,00 €).
- IVE: 0,00 €
- Orzamento de adjudicación: cinco mil cincocentos euros (5.500,00 €).

Prazo de execución: A execución dos contratos desenvolverase durante os días 8 ó 11 de xuño de 2023.

A competencia para ditar esta resolución corresponde á directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no apartado segundo da Orde do 25 de outubro de 2019, sobre delegación de competencias na Directora Xeral de Patrimonio Natural e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (DOG núm. 210, do 5 de novembro de 2019), no artigo 5 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, (DOG núm. 79 de 25/04/2019), así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185, do 27 de setembro de 2018).

Polo exposto, e de conformidade á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos das administracións públicas e demais normativa de desenvolvemento,

RESOLVO

1. Adjudicar o contrato menor de servizo **"PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA FECAP23 SEMANA VERDE DE SILLEDA"** á FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849, por importe de 5.500,00 € (IVE excluído), conforme ás condicións técnicas establecidas para este contrato, así como á oferta presentada polo adjudicatario.
2. Unha persoa do Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria da Dirección Xeral Patrimonio Natural será a responsable, para os efectos da efectiva realización e conformidade das actuacións previstas e á presentación das facturas correspondentes.
3. Ordenar a notificación desta resolución aos licitadores e a súa publicación no perfil do contratante deste órgano de contratación: <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion>, de conformidade co sinalado nos artigos 63 e 151 da LCSP.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da





Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou directamente recurso contencioso administrativo perante o órgano xudicial que corresponda, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

*A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
(P.D. Orde do 25/10/2019, DOG nº 210 do 5 de novembro)
A directora xeral de Patrimonio Natural
Belén María Do Campo Piñeiro*

Mediante este documento notifícaselle esta resolución conforme ao esixido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe de Sección de Xestión Administrativa

Nicolás José Díaz Sueiras

